


## Editorial

Cando se fala de difusión cultural, de divulgación educativa, de acción ou de animación socio-cultural ou de termos similares, aplicados, neste caso, á arqueoloxía (ou á prehistoria ou á historia antiga), advírtese desde xa hai certo tempo unha lixeireza e unha falta de rigor que conviría atallar por razóns tan diversas como dignas de ter en conta, se ben o tema desbordaría as notas deste editorial.

Estamos afeitos a ver en toda clase de folletos divulgativos ou "turísticos", cando non en libros e publicacións de maior entidade e alcance e, por suposto, nas máis variopintas páxinas Web de Internet, simplificacións (por dicilo suavemente) históricas como, por exemplo, que en Galicia se pasa das mámoas megalíticas ós "castros celtas" (mención presente mesmo no poste dun transformador eléctrico, por "ocorrenza" da empresa eléctrica de turno), e que logo, aqueles castros foron arrasados e aniquilados polas lexións romanas para, á súa vez, desaparecer estas a mans dos invasores suevos e visigodos, e así sucesivamente... Unha mostra do que dicimos, exemplo pintoresco



por demais: nun folleto comercial e publicitario, deses que enchen os nosos buzóns e portais tan a miúdo, aparecen párrafos coma os que seguen, dedicados a "Lugo, ciudad bimilenaria" (respectamos a puntuación -?- e acentuación orixinais):

*"Y vinieron los celtas y fueron enterrados los más ricos en las mamoas, pequeñas colinas en Terrachá, y luego vinieron los romanos y edificaron un puente, y crearon Lucus Augusti en Gallaecia y construyeron la muralla en el siglo II con una longitud de 2.135 metros y con una altura de doce metros de media y una anchura aproximada de 4 a 5 metros, con diez puertas entre nuevas y originales y dentro una ciudad, de la que cada vez se pueden apreciar algunos restos en sus museos.*

*Esta es la única muralla que conserva totalmente íntegro su recinto.*

*Y desde aquí desde Lucus Augusti, la comunicación era excepcional, con la costa con León con Astorga, hoy día es mucho mejor.*

*Y luego los suevos (462) en que matan a los latinos, después los godos hasta que viene el moro Muza en el año 714 y va y quema la ciudad, y lo derrotan en Santa Cristina y Odoario obispo restaura la ciudad y Alfonso II el Casto dijo que a Construir la Catedral de Santa María.*

*Y viene el medievo y viene Marí Castaña y mantiene su prestigio a lo largo de los siglos..."*

Diante de tal mancha de despropósitos, cremos que non fan falta comentarios á marxe como non sexa dubidar se este texto está feito en serio ou é unha broma case macabra.

Nestes tempos en que a comunicación chega rapidamente a case todos os recunchos, en que a información faise, para ben ou para mal, "popular", no sentido en que calquera grupo ou nivel social pode ter acceso a datos, noticias e "saberes", convén chamar a atención para que a difusión cultural e a divulgación do saber sexa o máis seria posible, precisamente porque pode chegar de xeito relativamente doado á sociedade. Pero semella que algúns aínda están afeitos a confundir ciencia oficial con rigor inextricable, e difusión/divulgación con lugares comúns e tópicos cheos de lixeireza. Incluso hai quen ten empregado a verba "vulgarización" (¿querería dicir "facer vulgar"?) no canto de divulgación que, como dicíamos, ten que ser moi coidada para evitar, mesmamente, que o "vulgo" tire conclusións trabucadas e leccións falsas e sen sentido real.

Cómpre explicar, pois, máis cabalmente como se iniciou a historia de Galicia, que é moito máis complexa, ricaz, senlleira e orixinal que todos aqueles lugares comúns. O reto, para todos os que se dedican a "divulgala", está en facela comprensible, entendible e asumible polos galegos de hoxe. Xa se ten dito de abondo que non somos menos galegos anque non fosemos exclusivamente célticos, se ben isto é o "popular". Pero tamén é popular a aspirina (que inventaron os alemáns da

---

casa Bayer) e tamén é galego e tradicional o caldo (que leva patacas, traídas de América no século XVI, como ten lembrado lucidamente o historiador Miguel Anxo Seixas...). En resume, os saberes científicos deben traspasarse á difusión e á divulgación cultural sen ningunha merma do seu rigor, e a cuestión está en sabelo facer de xeito que cheguen a toda clase de público, ó conxunto da sociedade que foi e é a súa protagonista. Facer historia a base de arroutadas sen conto ou de esquemas moi "vendibles" non é facer país senón, precisamente, inducir á perda da verdadeira memoria histórica de Galicia, memoria que non quedou estancada en ningunha etapa do pasado xa que se conformou e se vai conformando ó longo dos tempos, pasados, presentes e, tamén, futuros.

\*\*\*\*\*

*CROA* naceu en 1991 coma un simple e modesto Boletín informativo para os socios, que o demandaron unha das primeiras asembleas da Asociación. O primeiro número tiña só oito páxinas e a penas eran máis ca unhas sinxelas follas que daban conta das actividades do Museo e da propia Asociación.

Pero conforme foi pasando o tempo, fóronse demandando novos contidos e novos retos para a revista, e esta foise configurando coma un elemento fundamental para a difusión cultural e a información científica relacionada cos temas máis conexos co Museo e co Castro de Viladonga, pero tamén con toda a Terra Chá e con outras áreas lucenses e galegas. Sen perder o seu aquel de noticiario para os socios, *CROA* pasou a servir de revista cultural e científica que serve de intercambio con outras publicacións similares, o que, entre outras vantaxes, repercute moi positivamente na biblioteca do Museo.

Publicados xa oito números, a evolución de *CROA* semellaba demandar un cambio (tamén solicitado por algúns dos seus colaboradores), cambio que se acomete neste número 9 de 1999 e que afecta non tanto á imaxe corporativa (que non variou desde que Manuel Cuba e Manuel Díaz idearon, con indubidable acerto, os logotipos de Asociación e da revista) nin ó seu formato (que segue considerándose o máis adecuado ó tipo de publicación de que se trata), como ó deseño e á maquetación, tratando de facer (dentro das limitacións económicas ben comprensibles), un boletín máis atractivo en formas e en contidos, que se deixe ler por todo tipo de público e, ó tempo, que se ofrezca dentro dos parámetros das novas correntes comunicadoras e informativas. En resume, *CROA* quere seguir informando e formando a todos os membros da Asociación, pero tamén desexa chegar, como xa o fai a nosa páxina Web en todos os seus apartados, a xentes e entidades de todo o mundo para mellor difundir e promover o conxunto arqueolóxico e museístico do Castro de Viladonga.